

Contas económicas trimestrais. Cuarto trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

A economía galega rexistra un crecemento do 0,1% en 2010. No cuarto trimestre de 2010 o crecemento interanual foi do 0,5%.

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no cuarto trimestre de 2010 rexistrou un crecemento de cinco décimas con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento supón unha redución dunha décima sobre o crecemento observado no trimestre anterior. Coa información do cuarto trimestre cérrase o ano 2010 cun aumento do PIB do 0,1%, 3,2 puntos superior ao crecemento rexistrado en 2009.

O crecemento interanual do PIB galego no cuarto trimestre do ano é inferior ao dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española (0,6%). No conxunto do ano o crecemento galego supera en dúas décimas ao crecemento nacional.


Neste trimestre o incremento intertrimestral sitúase no -0,1%, dúas décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior e tres décimas inferior ao nacional.

Produto interior bruto

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2009	2010	2010			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Variación interanual	-3,1	0,1	-1,1	0,1	0,7	0,5
Variación intertrimestral	--	--	0,2	0,3	0,1	-0,1


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No cuarto trimestre de 2010, a achega da demanda en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -2,4 puntos porcentuais, cinco décimas inferior que no trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 0,3%, unha décima maior que o rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital rexistra unha taxa de variación do -7,7%. A contribución do sector exterior é de 2,8 puntos porcentuais, 0,1 puntos máis que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2009	2010	2010			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	-0,6	-0,3	-0,7	0,1	-0,2	-0,3
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,3	-0,4	-0,7	0,2	-0,4	-0,8
-Gasto en consumo final das AAPP	4,7	0,2	-0,5	-0,3	0,5	1,0
Formación bruta de capital	-10,0	-6,2	-4,7	-6,0	-6,5	-7,7
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	-3,5	-1,9	-1,8	-1,7	-1,9	-2,4
Exportacións de bens e servizos	-11,3	7,1	20,7	14,3	3,4	-6,9
Importacións de bens e servizos	-10,1	2,4	15,5	8,4	-1,6	-10,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-3,1	0,1	-1,1	0,1	0,7	0,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 0,8% no cuarto trimestre de 2010, catro décimas superior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo na atonía do mercado de traballo que diminúe a renda dispoñible. Os principais indicadores de consumo

amosan un comportamento similar ao do agregado: o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario rexistrou no cuarto trimestre de 2010 unha taxa interanual inferior á rexistrada no trimestre anterior, o índice de confianza do consumidor presenta neste trimestre unha diminución respecto ao trimestre anterior de 4,6 puntos. En cambio, as matriculacións de turismos manifestan neste trimestre taxas interanuais superiores ás taxas do trimestre precedente, pero con fortes descenso.

No mesmo período, a taxa de crecemento do gasto en consumo final das administracións públicas creceu 0,5 puntos con respecto á taxa observada no trimestre anterior quedando no 1,0%, moi inferior aos crecementos superiores ao 4% de anos anteriores.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída superior ao do trimestre anterior, descendeu un 7,7% neste trimestre. A produción industrial de bens de equipo rexistra un menor crecemento que no trimestre anterior, outros indicadores como a inversión en construción residencial, a importación de bens de equipo e a matriculación de vehículos de carga acadan rexistros negativos aínda que lixeiramente inferiores aos rexistrados no terceiro trimestre de 2010.

Como xa se comentou anteriormente, no cuarto trimestre de 2010 a achega da demanda externa neta foi de 2,8 puntos, 0,1 puntos superior á contribución do trimestre anterior. As exportacións presentan unha caída do 6,9%, minorando 10,3 puntos o crecemento do trimestre precedente. O gasto dos non residentes mantén taxas superiores ao 15%, e as exportacións de bens e servizos fóra da nosa Comunidade diminúen o seu ritmo de crecemento. Pola súa parte, as importacións caeron un 10,3%, o que supón un descenso de 8,7 puntos con respecto ao crecemento do trimestre anterior.

En termos anuais, a demanda en termos nacionais caeu un 1,9% en 2010, dous puntos máis que a caída do PIB e 1,6 puntos menos que o ano anterior. O menor descenso rexistrado con respecto ao ano anterior veu motivado pola contención do gasto público - creceu un 0,2% cando o ano anterior crecera un 4,7% - e polas menores caídas da formación bruta de capital - 6,2% fronte ao 10% do ano anterior - e do gasto en consumo dos fogares - 0,4% en 2010 e 2,3 en 2009-. Como resultado deste comportamento da demanda interna, a demanda exterior neta achegou 2,0 puntos porcentuais ao crecemento no ano 2010, as exportacións creceron un 7,1% e as importacións un 2,4%.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no cuarto trimestre de 2010 os crecementos interanuais son positivos no sector primario e nos servizos. En sentido contrario, as ramas enerxéticas, industriais e da construción rexistran un crecemento negativo, as primeiras volven a taxas

negativas. A construción continúa cun elevado descenso con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2009	2010	2010			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-2,1	3,1	1,3	2,2	4,6	4,4
Ramas enerxéticas	-3,2	3,5	13,5	0,7	2,7	-2,8
Ramas industriais	-13,7	-0,5	-0,6	4,0	-1,5	-3,7
Construción	-5,6	-5,8	-6,3	-6,3	-5,3	-5,2
Ramas dos servizos	0,0	0,7	-1,1	0,1	1,7	2,0
- Servizos de mercado	-1,4	0,7	-1,5	0,4	1,9	2,2
- Servizos non de mercado	4,4	0,6	0,3	-0,4	1,2	1,3
Impostos netos sobre os produtos	-3,1	1,2	-1,2	1,9	2,2	2,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-3,1	0,1	-1,1	0,1	0,7	0,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 4,4%, o comportamento do sector pesqueiro e agrario é o responsable deste rexistro.

As ramas enerxéticas rexistran un decrecemento do 2,8%, 5,5 puntos por debaixo do crecemento do trimestre anterior. No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual inferior en 2,2 puntos á taxa do trimestre anterior, mostrando un rexistro do -3,7%; no índice de produción industrial destas ramas apréciase unha evolución similar.

A taxa de crecemento do sector da construción foi do -5,2%, 0,1 puntos inferior ao descenso rexistrado no trimestre anterior. A edificación residencial, a non residencial e a licitación oficial en obra civil periodificadas seguen a presentar fortes descensos aínda que inferiores aos dos dous primeiros trimestres do ano.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 2,0%, o que implica un crecemento tres décimas superior ao do trimestre precedente. Os servizos de mercado melloran tres décimas a súa taxa interanual acadando un crecemento do 2,2%. Os servizos non de mercado creceron un 1,3%.

No conxunto do ano 2010, presentan crecementos positivos as ramas agraria e pesqueira, a enerxía e os servizos. Os descensos corresponden ás ramas industriais (-0,5%) e á construción (-5,8%). Comparando co ano anterior todas as ramas agás a de servizos non de mercado melloran as taxas de crecemento. Os servizos non de mercado creceron un 0,6% en 2010, 3,8 puntos por debaixo do crecemento do ano anterior. A maior subida con respecto ao ano anterior rexistrárona as ramas industriais que melloraron 13,2 puntos.

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no cuarto trimestre deste ano un 2,0%, o que supuxo un descenso de 22.580 postos de traballo equivalentes nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2009	2010	2010			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-0,4	-3,9	-5,8	-6,2	-2,5	-1,1
Ramas enerxéticas	-4,6	-1,8	-4,2	-2,4	-1,0	0,4
Ramas industriais	-8,8	-4,6	-5,3	-4,8	-4,1	-4,3
Construción	-14,4	-9,8	-12,3	-10,3	-8,4	-7,6
Ramas dos servizos	-1,2	-0,2	-0,4	-0,2	0,4	-0,8
- Servizos de mercado	-2,3	-0,9	-1,2	-1,1	0,1	-1,5
- Servizos non de mercado	1,2	1,3	1,4	1,9	1,2	0,6
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	-3,9	-2,2	-2,9	-2,5	-1,4	-2,0

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade cómpre destacar que os maiores descensos prodúcense nas ramas da construción e nas industriais; o sector primario descende un 1,1%. As ramas de servizos non de mercado e as enerxéticas presentan crecementos positivos.

As ramas agraria e pesqueira mostran un crecemento interanual do -1,1% no cuarto trimestre do ano, a construción acada un decrecemento do 7,6%, 0,8 puntos menos que no trimestre anterior, as ramas industriais rexistran unha caída do 4,3%, dúas décimas superior á do trimestre precedente e as enerxéticas creceron un 0,4%.

Os servizos de mercado minoran o seu crecemento con respecto ao trimestre anterior en 1,6 puntos, quedando situada a taxa no -1,5%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 0,6%, seis décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior.

Emprego por ramas de actividade

Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2009	2010	2010			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	5,0	-8,0	-17,6	-11,2	-1,7	-0,9
Ramas enerxéticas	-3,4	-1,8	-4,0	-2,3	-1,1	0,3
Ramas industriais	-9,5	-5,3	-6,6	-5,5	-4,4	-4,7
Construción	-16,8	-11,5	-14,3	-12,3	-10,1	-9,0
Ramas dos servizos	-0,8	0,0	0,0	0,1	0,6	-0,9
- Servizos de mercado	-1,8	-0,8	-0,7	-0,9	0,2	-1,7
- Servizos non de mercado	1,2	1,3	1,4	1,9	1,2	0,6
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	-4,0	-2,5	-3,5	-2,7	-1,5	-2,3

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do -2,3%, dato que supón unha diminución de 21.311 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 2,5%, tres décimas máis que a variación rexistrada no trimestre anterior.

No conxunto do ano 2010 o número medio de postos de traballo equivalentes a tempo completo foi de 1.099.035, isto supón un descenso de 25.149 postos en termos absolutos con respecto a 2009, en termos relativos o descenso foi do 2,2%. As maiores caídas producíronse na construción e na industria e só os servizos non de mercado presentan taxas positivas. A variación con respecto ao ano 2009 da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 2,3%, en 2009 a produtividade crecera un 0,9%.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no cuarto trimestre de 2010 un crecemento interanual do 2,0%, cinco décimas inferior ao do trimestre precedente. Este crecemento implica unha taxa do deflactor implícito do 1,5%, tres décimas inferior á do trimestre anterior.

No conxunto de 2010 o crecemento do PIB en termos nominais foi do 1,5%, o deflactor implícito creceu, polo tanto, un 1,4%; oito décimas máis que o crecemento do deflactor no ano anterior.

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2009	2010	2010			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	-0,9	1,4	0,1	2,7	1,8	0,8
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-3,3	1,8	-0,1	3,8	2,5	1,1
-Gasto en consumo final das AAPP	6,0	0,1	0,6	-0,2	-0,1	-0,1
Formación bruta de capital	-9,3	-2,6	-0,9	-1,7	-3,5	-4,2
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	-3,6	0,4	-0,2	1,8	0,5	-0,5
Exportacións de bens e servizos	-13,6	6,4	15,5	11,3	3,2	-2,7
Importacións de bens e servizos	-13,1	3,5	14,9	7,9	-0,7	-6,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-2,4	1,5	-1,0	2,5	2,5	2,0
Ramas agraria e pesqueira	-4,9	5,9	2,7	5,8	8,5	6,8
Ramas enerxéticas	0,9	5,3	16,6	4,5	3,2	-2,8
Ramas industriais	-13,5	-0,7	-1,8	3,6	-1,3	-3,2
Construción	-6,5	-6,0	-5,9	-6,9	-5,1	-6,0
Ramas dos servizos	2,9	0,6	-1,2	0,4	1,2	2,0
- Servizos de mercado	1,6	0,8	-2,2	0,6	2,0	3,0
- Servizos non de mercado	7,1	0,0	2,0	0,1	-1,0	-0,9
Impostos netos sobre os produtos	-15,1	19,3	-0,7	32,2	28,9	21,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>